

Roberto BLANCO TORRES, *Disto e do outro*, Galaxia, Vigo, 1999, 166 p. Traducción ó galego de Xesús Carballo Soliño.

Co gallo da conmemoración do Día das Letras Galegas, dedicado no ano 1999 a Roberto Blanco Torres, apareceu nas librerías un número relativamente elevado de obras relacionadas co escritor cuntesino.

Aínda que foi un cronista infatigable (dende os 17 ós 45 anos que contaba cando morreu, publicou numerosos artigos en xornais españois e americanos) só chegou a publicar dous libros, un en verso —*Orballo da media noite*— e outro en prosa —*De esto y de lo otro*—. Do primeiro —*Orballo da media noite*— apareceu este ano unha cuidada edición na editorial Xerais a cargo de Miro Villar, que nos achega non só á poesía, senón tamén á persona e ás circunstancias de Roberto Blanco Torres.

Do seu segundo libro, *De esto y de lo otro* (1930), orixinariamente en castelán, ofrécenos a editorial Galaxia unha traducción ó galego a cargo de Xesús Carballo Soliño. A obra, precedida dun curto prólogo do autor, recolle unha selección de artigos xornalísticos publicados nalgúns dos xornais que Roberto Blanco Torres dirixiu, ou nos que traballou e colaborou ata 1930.

Non é unha esaxeración afirmar que esta é a obra que debe ler quen realmente desexe coñecer a Roberto Blanco Torres. A súa faceta poética está intimamente vencellada á xornalística, ambas constitúen dúas maneiras distintas de expresar unhas mesmas ideas e sentimentos. Mais non é polo seu traballo poético polo que destaca este escritor, senón polo seu inxente e continuo labor xornalístico, desenvolvido dende a primeira mocidade ata a súa morte, dentro e fora do ámbito nacional.

Emigrado a Cuba con só quince anos, colaborou case dende a súa chegada en varios xornais de La Habana, e chegou mesmo a fundar dúas revistas,

Alborada e La Tierra Gallega. Foi na capital cubana, por mor do seu vencello coa intelectualidade galega, onde comenzo a despuntalo seu interese pola realidade de Galicia. De volta á súa terra natal, tras dez anos de experiencia cubana, Blanco Torres continuou a exercer a súa carreira xornalística en diversos diarios de alcance galego (*El Noroeste* en A Coruña, *El Correo Gallego* en Ferrol, *La Zarpa* y *La República* en Ourense, *Galicia* y *El Pueblo Gallego* en Vigo) e nacional (*El Sol*, *El Liberal*, *El Heraldo de Madrid* y *Prensa Gráfica* na capital de España), sen esquecer as súas colaboracións en revistas galegas de ultramar.

Dedicou a súa vida ó xornalismo de opinión e reflexión, cunha constante preocupación polos problemas de Galicia. O caciquismo, o deficiente ensino ou a emigración foron algunhas das situacións denunciadas e perseguidas por Roberto Blanco Torres. Mais a súa pluma non se limitou ós temas de ámbito galego. A dictadura e a decadente monarquía, a corrupción do clero e todo canto atentara contra a liberdade e a democracia foi obxecto do seu interese, aínda en momentos nos que podía ser censurado por expoñer públicamente estas opinións.

Este é o Blanco Torres mais representativo, e xustamente o mellor desta labor como periodista é o que se recolle en *Disto e do outro*. Atinada é, pois, a reedición deste libro, imprescindible para achegarnos a unha obra á que, doutro xeito, só poderíamos acceder a través dun laborioso escrutinio de hemerotecas. Se algunha cousa se bota en falta nesta edición é quizais un prólogo que nos aproxime á figura do autor e ás circunstancias nas que xurdiu a súa obra.

Os artigos reunidos en *Disto e do outro* agrúpanse en dúas partes. A primeira e máis ampla, que carece de título, comprende 27 artigos (págs. 9-129), cada un deles de tres ou catro páxinas de extensión. A segunda, baixo o título de *Glosas do cotián* (pág. 131), abrangue outros 11 artigos, sensiblemente máis breves que os da primeira parte. Moitos deles están acotados con notas ó pé de páxina escritas polo autor no momento de face-la compilación, notas que non aparecían na edición en prensa do artigo.

En todo o libro está presente o amor de Roberto Blanco Torres pola súa patria. Pero este non é un amor exento de sentido crítico senón que, pola contra, tódalas deficiencias da Galicia da época son certamente analizadas e denunciadas na obra:

[...] *exaltar por sistema, mecanicamente [...] todas as cousas que se refiren á patria, sen capacidade crítica para xulgar dos seus bens e dos seus males e sen saber en qué medida pode a patria mellorar ou ascender, é sinxelamente unha insensatez [...]* (pág. 133).

A emigración foi un dos problemas contra os que máis loitou Roberto Blanco Torres, quizais concienciado pola súa propia experiencia e a de dous dos seus irmáns, tamén emigrantes en Cuba. Algúns dos artigos do libro, como *O absentismo* (pág. 101) ou *A emigración e os seus traficantes* (pág. 83) denuncian

varios aspectos deste fenómeno sufrido pola sociedade galega. Sobre todo subliña as pésimas condicións de vida dos labregos que, ante a ausencia de perspectivas favorables, marchan na procura dun Eldorado que non todos atoparán. Tampouco omite as críticas a todos aqueles que se benefician da miseria do pobo: as navieiras que coa súa publicidade envían ás xentes a perseguir un espezismo de riqueza, os bancos e prestamistas cos que os emigrantes se endebedan para poder mercar unha pasaxe, os xornais cómplices desta situación que silencian toda noticia sobre Hispanoamérica que non sexa favorable e omiten calquera mención ós emigrantes que, fracasado o seu intento de obter un medio de subsistencia nas Américas, son repatriados polo Estado.

Para un home dos valores éticos de Blanco Torres, sempre defensor da independencia da prensa, a complicidade dos xornais en semellante estado de cosas, significaba o derradeiro chanzo da degradación moral:

Contra ese éxodo non había organismos que actuasen, nin os voceiros que pola súa natureza tiñan asignada unha misión de cultura, de defensa do ben público [...] denunciaban tan fondo mal. O seu silencio consciente tiña todos os tons da vileza, porque coparticipaba coas ganancias dos que traficaban coa desgracia [...] (pág. 84).

A deficiente situación do ensino en Galicia foi outra teima do noso periodista, consciente de que se trataba dun problema importante:

Como é importante, polo menos en Galicia, o feito de que haxa escolas e os nenos non vaian a elas, porque non poden ir: porque teñen que traballar, que coidar do gando no campo ou axudar ós seus nos labores domésticos ou da labranza. (pág. 22).

Contra a opinión dalgúns pedagogos como Luis Bello, para quen a lingua galega era un factor que retrasaba a aprendizaxe dos nenos, Blanco Torres defendeu o emprego do galego no ensino. No artigo *Idioma, ensinanza, escolas* (pág. 19) avoga pola súa presenza nas escolas, considerando que o uso da lingua materna facilitaríalle ós nenos a adquisición de coñecementos. Para Blanco Torres o galego é un instrumento de cultura, un alicerce básico da nosa personalidade como nación.

[...] o noso deber, o deber das xentes cultas de Galicia, é perfeccionalo e ennobrecelo, cultivándoo por amor se se quere, pero singularmente por imperativo moral [...] Deixar destruílo ou repudialo [...] é tanto como negarse a sí mesmos, equivale a un autodesprezo. (pág. 21).

Propuxo, ademais, o xornalista unha unificación ortográfica do galego, nun intre en que esta lingua aínda carecía dunha ortografía normativa. No artigo *A unificación ortográfica do idioma galego* (pág. 53) atopamos unha chamada ós escritores con coñecementos lingüísticos e filolóxicos para que emprendan esta tarefa. Mais non foron os seus criterios ortográficos os que

finalmente prevaleceron: Blanco Torres rexeitaba a ortografía fonética, pois coidaba que a fonética galega sufría un excesivo influxo do castelán, e en troques propoñía unha ortografía etimolóxica (págs. 54-55), que el mesmo empregou en *Orballo da media noite*.

Pode resultar paradoxal que un home que se autoproclama galeguista renuncie ós seus preceptos e escriba os seus artigos en castelán. O máis probable é que a elección idiomática de Blanco Torres se vise condicionada polas circunstancias, pois poucos eran os xornais que nos anos vinte empregaban en Galicia unha lingua do castelán.

De calquera xeito, non podemos deixar de cuestionarnos a necesidade da tradución de *De esto y de lo otro* ó galego. Sabendo que o escritor coñecía ámbalas dúas linguas e que decidiu escolle-lo castelán para os seus artigos, tal vez fose máis correcto respecta-lo seu criterio, tendo en conta que o paso dunha lingua á outra non ofrece dificultades de comprensión infranqueables.

Un número non pequeno dos artigos de *Disto e do outro* dedícase á crítica literaria. En *A nova xeración literaria galega* (p. 29) podemos atopar unha defensa dos artistas galegos novos e unha semblanza dalgúns dos que logo se converteron nos máis destacados representantes das letras galegas: Rafael Dieste, Luis Amado Carballo ou Manoel Antonio, etc. De Manoel Antonio, —*Eu quería como un irmán e endexamais me curarei da dor que me produciu a súa morte* (pág. 34), di Blanco Torres— falará novamente en *Poemas do mar* (pág. 91), artigo publicado con motivo da aparición de *De catro a catro*, e no que se advirte a admiración do xornalista polo poeta mariñeiro.

Non son as letras galegas as únicas en recibiren a atención de Roberto Blanco Torres. Figuras da literatura española do valor de Baroja, Valle-Inclán e Pérez de Ayala son tratadas en artigos como o titulado *Libros e escritores* (pág. 105). También importantes autores europeos pouco coñecidos, como é o caso do rumano Panait Istrati, eran difundidos entre o público galego a través deestes artigos. Do mesmo xeito, as ideas de pensadores como Ortega y Gasset ou Unamuno, a quen a dictadura prohibía citar mesmo como literato, atopan eco nestas páxinas.

Onde verdadeiramente sobresaen os dotes xornalísticos de Blanco Torres é naqueles artigos nos que segue o pulso político do país. Incansable detractor de todo canto supuxese unha merma da liberdade, tanto da prensa como do individuo ou da sociedade no seu conxunto, opúxose sempre á monarquía, considerando que unha forma de goberno que necesita da dictadura para se manter é unha institución decadente que está condeada á extinción. Os artigos de Blanco Torres aparecían en varios xornais republicanos, como *Acción Coruñesa* ou *La República*, e o seu autor consideraba o goberno republicano como *a forma de goberno racional, o sistema da democracia por excelencia*. (pág. 96).

A República, porque así o quere o pobo, porque é a solución lóxica, moral, racional, que o pobo quere dar á transgresión real e á anormalidade da vida pública. (pág. 129).

Contra este desexo do pobo alzábanse no obstante moitas outras vontades: a da monarquía que non desexaba perde-lo país, a dos militares que a sostían e que non desexaban perde-lo poder, a da Igrexa que non desexaba perde-los seus privilexios. Cada un destes poderes actuaba en contra da vontade nacional por distintos medios: a monarquía a impedi-la celebración de eleccións libres, os militares a exerce-la represión, a Igrexa a confundir ás xentes sinxelas do pobo coa idea de que a República significaba o ateísmo, o ladroízo e a anarquía. Cada unha destas situacións, e moitas outras igualmente inxustas, foron denunciadas por Blanco Torres nos seus artigos —véxase *O dilema político de España* (pág. 127) ou *A agonía dun rexime* (pág. 159)— con tal dureza que sorprende que poideran ser publicados. Realmente os enfrontamentos de Blanco Torres coa censura foron continuos, tendo que acollerse ós medios máis inusitados para eludila, como el mesmo nos conta, con humor, en *Unha escolma* (pág. 153).

O que, desgraciadamente non sorprende, (polo menos ós lectores actuais que coñecemos o xiro que tomou logo a Historia) é o final ó que o levou a súa consecuente denuncia dos males dun país.

Setenta anos despois da súa publicación, *Disto e do outro* é unha mirada á nosa Historia recente, un libro que pode ensinarnos moitas cousas, como galegos e como españois. Como galegos, móstranos a época na que comezou a esperta-la conciencia nacional dun pobo. Como españois, o clima social e político no que se xestou un acontecemento que viña a marcar de forma indeleble o noso futuro: a Guerra Civil. Por isto damos a benvida a este libro, que abre novos camiños ó lector inquieto.

Irene ARAGÓN GONZÁLEZ
Universidad Complutense